




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Costa da Morte. Sector: Ría de Camariñas. Municipio: Camariñas ao norte, Vimianzo ao sur e este, e Muxía no extremo suroeste. Parroquias: en Camariñas a maioría pertence a San Pedro da Ponte do Porto, agás o extremo, situado en Santa María de Xaviña; en Vimianzo divídese entre San Cristovo de Carnés, ao este, e Santiago de Cereixo no centro e oeste; en Muxía, case toda a unidade queda dentro de San Pedro de Leis de Nemancos, e unha área testemuñal ao sur en Santa María de Nosa Señora da O. Extensión: 12,43km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Gran unidade situada nunha contorna dominada por suaves relevos graníticos moi erosionados e dispostos en aliñacións de N-S. Entre eles, seguindo as liñas de debilidade, penetra de oeste a leste, a Ría do Porto, que é a prolongación costeira do val do Río Grande. Na súa desembocadura, destaca o val do río Carnés, que se adapta á disposición tectónica do relevo e suca unha ampla chaira litoral orientada tamén de norte a sur. Cara ao extremo occidental da unidade, a ría estréitase pola proximidade dos montes graníticos que descenden formando un brazo de mar profundamente encaixado, con pendentes superiores ao 40 % na marxe meridional. Esta conformación en cantís vese interrompida pola presenza dalgúns vales de arroyos, e pola estreita plataforma costeira na que se empraza a aldea de Dor.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A maior parte da unidade, partes occidentais, central e centro-oriental, componse un granitoide migmático hercínico, que contén nebulitas en Dor, As Canles e ao norte de Ponte do Porto. A banda máis ao este componse un granito hercínico de dúas micas de gran medio a grosso. No extremo noreste aparece a granodiorita biotítica tardihercínica coñecida como Tipo Traba. O Cuaternario ten gran importancia, con sedimentos intermareais e de marismas, no fondo da ría. A eles súmanse os materiais aluviais nos vales dos ríos de Carnés e Riotorto ao sur, e Río Grande na parte central, ademais dos detriticos dos sectores deprimidos centrais próximos á ría.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Amplio esteiro pero con condicións climáticas bastantes homoxéneas, pois adscribíse na súa totalidade ao dominio climático Cálido e Húmido. A temperatura media anual supera os 15°C e a oscilación térmica media sitúase entre 12,5°C e 13,5°C. As precipitacións acumuladas ao longo do ano rexistran valores medios de 1200mm a 1400mm.

OS SOLOS

No interior do esteiro localízanse os incipientes solos costeiros, do tipo arenoso albeo relacionados cos depósitos sedimentarios fluvio-mariños e en pequenos enclaves de marisma de tipo fluvisol tíonico e sálico. Secuencia topográfica de solos do fondo de val á cabeceira de maneira que os solos máis desenvolvidos localízanse na parte baixa da vertente sendo fundamentalmente cambisols dístricos e eútricos estes últimos ao longo do val do Río de Carnés onde tamén aparecen bandas de umbrisolos dístrico-lépticos. Nos límites de cunca fórmanse solos máis pobres de escasa profundidade, asociados a sectores onde aflora o substrato rochoso e tramos de forte pendente, dando lugar a regosols e leptosols líticos especialmente nos montes Agudo ao suroeste e Maior ao norte.


AS AUGAS

Articulada en torno á Ría do Porto (20482) e ao val do río Grande, esta unidade recibe a achega dunha densa rede hidrográfica que se compón de varios arroyos. Polo norte os arroyos das Salgueiras, de Lazo e do Cuncheiro; mentres que polo sur os de Carnés, co seu afluente Riotorto, e o de Vilaríño.

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade de fondo de estuario que se atopa dentro da área de importancia para as aves (IBA) Costa da Morte. É unha costa mixta, con tramos de cantil baixo e sectores de praia, marisma e chaira intermareal fangosa. Ademais dun hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos moi transformado existente na parte exterior da unidade, acompaña o 1210 de refugallo mariños acumulados debido ás extensas superficies intermareais. Tamén na parte máis exterior da ría, aparecen bancos arenosos intermareais que inclúen os hábitats 1140, chairas fangosas e arenosas que non están cubertos de auga cando baixa a marea, e 1110, bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña pouco profunda. No interior da ría, os ambientes máis importantes son os de 1130, estuarios e 1140, chairas fangosas e arenosas que non están cubertos de auga cando baixa a marea, ademais de existir sectores de marisma nos hábitats do grupo 12. "Marismas e pasteiros salinos".

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Importancia da orografía e accidentes xeográficos á hora de condicionar o uso do solo na unidade. As ladeiras dos montes que delimitan o ámbito tanto polo norte (Monte Maior, Campo do Foxo, Pedra Aiga) como polo sur (O Pedrouzo, O Castelo, Monte Pedroso) están cubertas por masas boscosas de repoboación destinada a explotación forestal. As terras máis baixas e chás son aproveitadas para usos agrícolas. Na vertente norte do Río Grande (A Xunqueira, Baixo de Dor...) fano de maneira fragmentada, combinándose con pequenas masas forestais e fenómenos residenciais de orixe tradicional ou recente. No amplo val que se desenvolve en dirección N-S seguindo a vía do río Carnés mantense unha extensa superficie cultivada que practicamente conserva intacta a súa continuidade espacial orixinal. Os usos residenciais máis intensos aglutínanse en ambas as dúas ribeiras do río, que se utiliza na parte máis externa da súa desembocadura para actividades marisqueiras (de ameixa e berberecho).

MORFOLOXÍA

No Esteiro de Río Grande encontramos dous núcleos que pertencen aos Núcleos de Identidade Litoral, pois se trata de asentamentos tradicionais cuxa localización estratéxica no bordo costeiro lles confire unha singularidade que lles fai merecedores dun tratamento específico. Estes núcleos son Ponte do Porto e Porto de Cereixo. Ponte do Porto, establecido no fondo da ría arredor da ponte de pedra que lle dá nome, foi un centro estratéxico da bisbarra, emparentada cunha posible vía romana per loca marítima. Núcleo pequeno e compacto, actualmente moitas das tipoloxías residenciais tradicionais foron substituídas por edificacións en altura e a súa estrutura tende a estenderse cun crecemento lineal, cara ao este ao longo da estrada AC-132 e cara ao oeste seguindo a C-1603. Porto de Cereixo, na ribeira sur do Río Grande, consérvase pola contra practicamente intacto, coa estrutura e morfoloxía tradicional practicamente inalteradas e nun excelente estado de conservación. Ao longo do largo val que forma o río Carnés distribúense varios asentamentos tradicionais de certa entidade, que contiveron o seu crecemento e mantiveron a súa compacidade. O crecemento disperso aparece aquí ao longo da CP-9202, cunha sucesión de edificacións illadas a ambos lados da vía.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-432, que une Vimianzo e Camariñas, percorre a vertente norte do val que forma o río Grande, atravesando o núcleo de Ponte do Porto. Desde este sae a C-9202 en dirección sur, pasando polo extremo oriental do val de Carnés cosendo os diferentes núcleos, e a C-1603 cara a Cereixo, continuando logo cara á zona de Leis de Nemanco e a costa sur da ría de Camariñas. A concentración parcelaria que se produciu hai uns cincuenta anos no val de Carnés xerou unha estrutura viaria reticular con pistas de acceso ás parcelas que produce un territorio cunha altísima densidade viaria. Tan só no seu extremo sueste se conservan certas trazas da rede viaria tradicional. Completan a estrutura as numerosas pistas forestais que garanten a conectividade coas zonas de explotación forestal.

PATRIMONIO HISTÓRICO

De entre o patrimonio arqueolóxico cómpre destacar o Castro e as diferentes mámoas que salpican o cume da Serra do Croado, no extremo este. Ao oeste, as coñecidas como Mámoas de Tufiños coroan o Monte Pedroso, e no núcleo de San Cristovo de Carnés catalóganse varios conxuntos de petróglifos. As Torres de Cereixo (fortaleza do s.XV, Ben de Interese Cultural que na actualidade non está aberto ao público), xunto ao muíño de marea e a igrexa románica de Santiago de Cereixo e o seu carballo centenario conforman o conxunto patrimonial máis importante do ámbito. Tamén destacan outras construcións, como a ponte que dá nome a Ponte do Porto, as igrexas parroquiais de San Pedro no mesmo núcleo e a de San Cristovo en Carnés. É importante o patrimonio etnográfico da zona, ata o punto de que en Ponte do Porto existe un pequeno Museo Etnográfico sobre a zona. Numerosas casas, hórreos, muíños, pontellas e outras construcións menores están catalogadas como patrimonio etnográfico nos núcleos de A Ponte do Porto e Porto do Cereixo.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Paisaxe fortemente condicionada pola desembocadura do río Grande, no que se poden diferenciar dous ámbitos nos que a organización espacial responde a criterios distintos. Por un lado, os fenómenos colonizadores na parte central estrutúranse arredor do río Grande, cunha maior concentración de poboación na súa vertente. Por outra banda, as terras máis meridionais da unidade constitúen o val de Carnés, unha vasta zona de cultivo próximo ás 200 Has con varios núcleos de poboación, claramente delimitada polos fenómenos xeográficos que a rodean (Serra do Croado, Monte do Pedrouzo e Monte do Castelo) e que cara ao norte se abre ao río Grande, onde desemboca o río Carnés. O conxunto de Torres de Cereixo, en excepcional estado de conservación, domina a desembocadura do río antes de entrar a Ponte do Porto, no fondo da ría, e funciona como elemento simbólico de ligazón entre estas dúas estruturas territoriais diferentes.

DINÁMICA DA PAISAXE

As ribeiras da desembocadura do Río Grande foron tradicionalmente lugares cunha importante actividade humana, xa que sempre foron un punto de ligazón entre as rutas terrestres e as de interior, aínda que na actualidade este tráfico marítimo ata Ponte do Porto practicamente desapareceu. A evolución dos asentamentos desta zona, do mesmo xeito que en moitos outros lugares, foi cara a un crecemento disperso que comporta a perda da compacidade dos núcleos orixinais, propiciado pola menor necesidade de solo para desenvolver actividades agrarias. Os procesos de concentración parcelaria realizados a mediados do século pasado supuxeron unha gran transformación do territorio, alterando a estrutura parcelaria e viaria tradicional.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dunha paisaxe complexa e diversa, pois nesta unidade concéntranse numerosos elementos de alto valor patrimonial, que sumados ás singulares características naturais do medio constrúen unha paisaxe especialmente valiosa e atractiva. A riqueza natural do río, importante couto de troitas nas súas augas interiores, articula unha serie de fitos construídos (o núcleo de Ponte do Porto, as Torres de Cereixo, muíños de marea...) que se alternan con elementos naturais singulares (A Xunqueira, terras de Baiso de Dor, Illa de Forno de Sapo, Praia de Area Grande) ata a súa desembocadura na ría de Camariñas. Destacan as terras baixas que acompañan a ribeira norte do río na zona máis profunda da ría, moitas das que conservan aínda a súa estrutura anterior á concentración parcelaria, con muros e cultivos que chegan ata a propia lámina de auga; e como esta planicie contraponse ás ladeiras boscosas da vertente sur na zona na que o río desemboca xa no mar. Pola continuidade e o uso que conservaron ata os nosos días, as terras de cultivo do val de Carnés conforman tamén un interesante conxunto, unha enorme planicie traballada cercada por fortes macizos arboreados. As relacións entre as diferentes partes da paisaxe son constantes, producíndose unha continuidade espacial ao longo das ribeiras do río e a través do val de Carnés que permiten unha doada comprensión do conxunto territorial. Torres de Cereixo, pola súa posición e a súa relativa altitude, eríxese en lugar privilexiado de observación desta paisaxe.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS







A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



